



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

CONVOCATORIA

Pola presente convocase a Vd. á **SESIÓN ORDINARIA**, que se celebrará na CASA CONSISTORIAL polo **CONCELLO PLENO**, ás vinte horas do día vinte e seis de xaneiro de dous mil dezaoto, en primeira convocatoria e se procederá en segunda de acordo co estipulado no artigo 31.2 do ROF do Concello.

A partir desta data ten Vd. a súa disposición, na Secretaria desta Corporación, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na seguinte:

ORDE DO DÍA

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, DE DATAS 24/11/2017 e 05/12/2017.

PUNTO SEGUNDO: INFORMES DA ALCALDÍA.

PUNTO TERCEIRO: DELEGACIÓN, SE PROCEDE, NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA A CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO Á CATEGORÍA DE POLICÍA LOCAL DO CORPO DA POLICÍA LOCAL DE ORDES (Decreto 115/2017, do 17 de novembro).

PUNTO CUARTO: ADHESIÓN, SE PROCEDE, INICIATIVA “CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA”.

PUNTO QUINTO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS.

PUNTO SEXTO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

PUNTO SÉTIMO: MOCIÓNS.

PUNTO OITAVO: ROGOS E PREGUNTAS.

Ordes, 23 de xaneiro de 2.018

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo

SRS. CONCELLEIROS do CONCELLO de ORDES



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 1/2018

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E SEIS DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

En Ordes, a vinte e seis de febreiro de dous mil dezaeito.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA Mª SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- MANUEL IGLESIAS VIEITES
- LEONCIO GÓMEZ LIÑARES
- PABLO VIDAL RÍOS
- PAULA CASTENDA BLANCO
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- LUIS CAAMAÑO FRAGA
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL

Non asisten:

- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, DE DATAS 24/11/2017 e 05/12/2017.

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar ás actas da sesión ordinaria de data 24/11/2017 e sesión extraordinaria de data 05/12/2017, cuxas minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

A acta da sesión ordinaria de data 24/11/2017 resultou aprobada por maioría de dezaseis votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que na acta da sesión extraordinaria de data 05/12/2017, Folla nº 12. Punto cuarto da orde do día, na votación aprecia o erro seguinte:

Onde di

.../...

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (5 grupo político PP, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña), catro votos en contra (grupo político UxO), e coas abstencións (2 grupo político BNG Sra. Martínez Candal) sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

.../...

Debe dicir

.../...

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. Caamaño Fraga, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña), catro votos en contra (grupo político UxO), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

.../...

A acta da sesión extraordinaria de data 05/12/2017 resultou aprobada por maioría de quince votos a favor, coa abstención do Sr. Veiras Carneiro, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coa corrección sinalada pola Sra. Martínez Candal.

PUNTO SEGUNDO: INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde infórmase que con data 02/01/2018, rexistro de entrada nº 13, o Sr. Gómez Candal, concelleiro do grupo político UxO, comunica o seu paso a concelleiro non adscrito.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

PUNTO TERCEIRO: DELEGACIÓN, SE PROCEDE, NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA A CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO Á CATEGORÍA DE POLICÍA LOCAL DO CORPO DA POLICÍA LOCAL DE ORDES (Decreto 115/2017, do 17 de novembro).



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

Visto o Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.

Vistas as modalidades de cooperación, así como as condicións para o seu exercicio.

Vistas as vacantes existentes no cadro de persoal da policía local de Ordes.

Vista a proposta de Alcaldía de delegación del competencias (Art. 2 Decreto 115/2017, do 17 de novembro).

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que está de acordo.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que está de acordo, xa que libera de carga administrativa ao Concello, non vai a supor gastos, os aspirantes terán que inscribirse nun único rexistro e non no rexistro de cada concello e escollerán o seu destino en función da nota máis alta. Votará a favor.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG, que sinala que lles parece unha boa idea, mellorará a transparencia e será máis xusto para os participantes para poder optar a mellores prazas segundo as súas cualificacións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que non poden votar favorablemente esta proposta pola seguinte cuestión que é a perda da posibilidade de fiscalización e control político do proceso que poderían levar a cabo dende a oposición e que neste caso non van poder levar a cabo se de acorda esta delegación. Descoñecen quen levaría a cabo esta labor que están a perder unha vez delegada esta competencia.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que revisando Decreto 115/2017 xúrdelles unha dúbida que é que non capítulo I, artigo 3, Colaboración na realización das probas selectivas no que se sinala que a aceptación da encomenda de xestión pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma requirirá o cumprimento dos seguintes requisitos, apartado b), compromiso por parte do Concello solicitante de todos os gastos derivados da organización e celebración do proceso selectivo, incluídos os que supoña para a Administración Xeral da Comunidade Autónoma a presentación da colaboración requirida que se recollerá expresamente e se concretará non convenio que se subscriba. A súa pregunta é quen vai a cubrir os gastos.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que o Decreto regula dous supostos de delegación, un delegación de todo o proceso selectivo ou so unha delegación para a colaboración na realización das probas. Si se fai a encomenda de xestión si que habería que cubrir os gastos, o Concello vai a acordar a delegación de todo o proceso.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que analizado o texto do convenio de delegación, asistido á reunión na Agasp para a explicación do contido do Decreto, entende que é a maneira máis simple e sinxela para dotar estas dúas prazas vacantes na policía local e ao mesmo tempo liberar de cargas administrativas ao Concello. É unha medida interesante. O voto vai a ser favorable.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría absoluta de trece votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga, Sr. Gómez Candal, Sr. González Santos e Sra. Martínez Candal), e coas abstencións (3 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Delegar na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso á categoría de policía local do Corpo da policía local de Ordes polo tempo de vixencia do convenio de colaboración.

PUNTO CUARTO: ADHESIÓN, SE PROCEDE, INICIATIVA “CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA”.

Visto o Protocolo de actuación, de data 10 de outubro de 2017, asinado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, de xeito que poidan implicarse de maneira directa no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia.

Vista a addenda ao protocolo anterior, de data 13 de decembro de 2017, asinada entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP, pola que se da unha nova redacción aos apartado 4 e 5 da cláusula segunda.

Vista a proposta de Alcaldía de participación na iniciativa “Doing Business Galicia”.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que vai a votar a favor.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que é algo que viña reclamando dende o 2017. Vai a votar a favor xa que vai a ser beneficioso para o concello, non so para o asentamento de novas empresas, senón tamén para a obtención de maior puntuación nas subvencións e axudas convocadas pola comunidade autónoma.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG, que sinala que lles parece unha boa idea todo o que sexa contribuír ao emprego para o crecemento de Ordes, atraer novas empresas e que medren as existentes, votarán a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que failles graza, ao mesmo tempo senten tristeza que o goberno galego se utilicen anglicismos para por nome ás súas propostas e como se acaba de demostrar a propia xente do PP non sabe pronunciar, debería chamarse Concellos que fan Negocio, e non pasaba nada por poñerlle un nome en galego. Un dos compromisos que se asume é resolver as solicitudes de licenza de obra maior nos que o petionario sexa unha empresa ou un autónomo no prazo máximo de trinta días naturais dende que o Concello dispón da documentación completa. Pregunta cando vai a Xunta de Galicia a aplicar ela mesma o que pide para os demais. Xa lles gustaría que Augas de Galicia resolvese os seus expedientes nese prazo e non no de un ano, que é o que ven tardando no caso das vivendas, o mesmo os expedientes en Estradas, en Patrimonio, non digamos xa a tramitación dos PXOM. Estes son os primeiros problemas que debería resolver a Xunta de Galicia. Se queremos atraer empresas aos polígonos deberemos mellorar as súas infraestruturas, dotalos de servizos, accesos, subministros eléctricos de calidade. Votan en falta un informe do interventor municipal que non existe nesta tramitación, curiosamente cando un grupo da oposición presenta unha medida económica de cara á baixada de impostos sempre aparece o informe do interventor. Non entenden neste caso por que. Tampouco poden votar favorablemente a esta proposta.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non hai informe por que so se está acordando adherirse ao protocolo e iniciar os expedientes de modificación das ordenanzas fiscais. Nese momento terá o informe correspondente. Esta modificación das ordenanzas non vai a afectar aos ingresos do concello. Non é preceptivo o informe do interventor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o protocolo establece unha serie de medidas económicas bastante claras e definidas que deberían ser informadas.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que neste momento de crise todas as iniciativas que veñan para o noso concello, que atraian empresas e fomento o emprego van a estar de acordo, se esta é unha delas a van a apoiar.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de trece votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga, Sr. Gómez Candal, Sr. González Santos e Sra. Martínez Candal), e coas abstencións (3 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1. Participar na iniciativa “Doing Business Galicia” asumindo os compromisos establecidos na cláusula segunda do protocolo de actuación, de data 10/10/2017.
2. Iniciar expediente de modificación das ordenanzas fiscais reguladoras do IBI, IAE, ICIO.

PUNTO QUINTO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

Vistos os estatutos da Asociación de Concellos do Camiño Inglés, aprobados por acordo dos Concellos promotores da Asociación, con data 20/06/2017.

Visto o requirimento da Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, con data 27/09/2017, de revisión e modificación determinados artigos dos estatutos da Asociación de Concellos do Camiño Inglés.

Vista a proposta da Alcaldía de modificación dos estatutos para dar cumprimento ao requirimento anterior.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga, Sr. Gómez Candal, Sr. González Santos e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Aprobar a modificación dos seguintes artigos dos estatutos da "Asociación de concellos do Camiño inglés" aprobados polos Plenos dos concellos integrantes da asociación e polos representantes de ditos concellos na Asemblea de data 20/06/2017:

-Engádesse un punto 3 ao artigo 19:

“As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 concellos, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro”.

-Modifícase a redacción do artigo 22.1.c):

“Levantar actas dos acordos chegados na asemblea xeral e a xunta directiva e expedir certificacións destas co visto e prace do presidente”.

2.- Remitir o acordo adoptado ao Concello de Carral para a convocatoria da Asemblea que aprobará a modificación dos estatutos e sinatura dos textos definitivos para enviar ao Rexistro de Asociacións e dar por cumprido o requirimento da Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

PUNTO SEXTO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 24 de novembro de 2017, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decitado.

PUNTO SÉTIMO: MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos concelleiros non adscritos e grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

"A Medalla de Galicia é a máxima distinción de honra que concede a Xunta de Galicia a persoas ou institucións que polos seus méritos ao servizo de Galicia en calquera aspecto da súa realidade social, cultural ou económica, sexan dignos de obter o recoñecemento do pobo galego. Cómprelles ás sociedades que teñen conciencia do seu ser e da súa presenza histórica, recoñecer e honrar ás persoas e institucións que lles prestasen relevantes e meritorios servizos dignos de agradecemento público". Así recolle a Xunta de Galicia a xustificación da creación das Medallas de Galicia. O Decreto 1/1991, do 11 de xaneiro, polo que se regula a concesión da Medalla de Galicia (publicado no DOG Nº 10 do martes 15 de xaneiro de 1991) recolle no seu artigo 5 que: "a concesión da Medalla de Galicia, en calquera das súas tres categorías, faraa o presidente da Xunta de Galicia, ben por instancia propia ou de autoridades, institucións ou entidades públicas ou privadas galegas con personalidade xurídica". Así mesmo, no artigo 9 indica que "a presentación de propostas razoadas de candidatos a Medalla de Galicia formalizarase desde o día 15 de xaneiro ao 15 de marzo de cada ano". Desde a Agrupación Socialista de Ordes cremos que concorren suficientes méritos para conceder a Medalla de Galicia, a título póstumo, á filla predilecta de Ordes Isabel Zandal, polos seus méritos no éxito da Real Expedición Filantrópica da Vacina de Francisco Xavier Balmis, que levou a vacina da varíola a todo o mundo entre os anos 1803 e 1814. Unha vacina que veu paliar a alta mortalidade do virus, que estaba a ocasionar a morte de milleiros de nenos e nenas. Ademáis, Isabel Zandal foi nomeada pola OMS como a primeira enfermeira en Saúde Pública e conta cun importante recoñecemento internacional, sobre todo en México.

Polo que, en condición de Voceiro Municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete á consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo:

Instamos ao Goberno Municipal de Ordes a que presente as instancias precisas ante a Presidencia da Xunta para que lle sexa concedida a Medalla de Galicia a título póstumo á nosa filla predilecta Isabel Zandal".



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. Camaño Fraga, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que vai a estar de acordo.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que o recoñecemento público de Isabel Zandal debe ser levado a cabo, apoiará calquera medida que ensalce máis se se pode a labor que esta muller fixo na expedición da vacina da vaiola.

Intervén a Sra. Castenda Blanbo, en representación do grupo político BNG, que sinala que tamén están totalmente de acordo para presentar todo o que sexa necesario para que Isabel Zandal teña esa medaia de ouro. Das máis de setenta medaias de ouro que deu a Xunta de Galicia so dúas foron a mulleres. Reivindicar o papel da muller na sociedade. Que mellor que sexa Isabel Zandal pola súa labor e valentía quen reciba esta medaia.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que van a apoiar esta proposta xa que entenden que o nome de Isabel Zandal debería estar entre os candidatos que opten a tal recoñecemento e se dende o Pleno de Ordes se pode axudar a que isto sexa posible o seu voto vai a ser favorable.

Intervén o Sr. Alcalde, que agradece a labor do PSOE para que Isabel Zandal sexa recoñecida como filla predilecta de Ordes, a homenaxe que se fixo coincidindo coa saída da expedición Balmis, agora vamos un paso máis alá para a concesión do máximo recoñecemento que se pode outorgar dende a Comunidade Autónoma á súa figura. O Presidente do Parlamento de Galicia vai a facer todo o posible para apoiar esta proposta. Xa houbo un contacto co gabinete de Presidencia da Xunta de Galicia.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. Camaño Fraga, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Instamos ao Goberno Municipal de Ordes a que presente as instancias precisas ante a Presidencia da Xunta para que lle sexa concedida a Medalla de Galicia a título póstumo á nosa filla predilecta Isabel Zandal.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“A prevalencia da diabetes en Galicia é do oito por cento, polo que se calcula que máis de 220.000 persoas na nosa Comunidade padece esta enfermidade.

Un sete por cento da poboación maior de dezaioito anos ten diabetes, tipo 2 en Galicia, segundo os últimos estudos oficiais, e A Coruña sitúase como a provincia galega con maior prevalencia o que conleva que no Concello de Ordes, a priori, hai sobre 800 diabéticos e deles aproximadamente hai 700 diabéticos do tipo mellitus.

A diabetes mellitus tipo 2 (DM2) considérase un problema de saúde pública "pola súa magnitude actual e polo potencial aumento futuro da enfermidade" e das súas "graves complicacións"

Para levar os pacientes un control adecuado cos sistemas utilizados actualmente de medidores con tiras, son necesarios como mínimo seis pinchazos diarios para comprobar o nivel de glucosa en sangue, aos que hai que engadir os catro que, como mínimo, son necesarios para a administración da insulina.

Cos novos dispositivos eliminase a necesidade de pincharse para medir os niveis de glucosa. Un deles é o FreeStyle Libre, un medidor de glucosa que pode cambiar a vida dos diabéticos.

Sinxelo de usar, consiste nun parche que vai pegado a pel e un monitor, do tamaño dun móbil pequeno. Cada vez que se acerca o monitor o parche obtense o seu valor actual de glucosa, os valores das últimas 8 horas e unha frecha que lle indica cara a onde se dirixe a súa glucosa.

Veciños de Ordes diabéticos fixéronnos chegar a súa reivindicación de que o Servizo Galego de Saúde lle facilite este tipo de medidor de glucosa e os parches, como así se fai na Comunidade Valenciana, País Vasco e Andalucía, ben financiando parte do custo do sistema ou o total, sobre todo aos que están indicados para pacientes que sofren diabetes tipo I - teñen que administrarse constantemente insulina porque o seu corpo non a xera de xeito natural, levando un control rigoroso dos niveis de glucosa en sangue.

Polo que, en condición de Voceiro Municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete a consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo de resolución:

- Instamos o Concello de Ordes a que se dirixa o Concelleiro de Sanidade para que se facilite un sistema de monitorización de glucosa (monitor e parches) aos diabéticos cubrindo parte ou o total do custo.
- Instamos dar conta deste acordo plenario aos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia”.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. Camaño Fraga, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que está de acordo.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que tamén está de acordo.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que van a apoiar esta moción que vai a no sentido de mellorar a calidade de vidas dos diabéticos por que diminúa o número de pinchazos. Contribúe a controlar os niveis de glucosa evitando os picos de subida ou baixada de azucre. Van apoiar esta moción.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que van a apoiar esta moción por que creen que o control do nivel de glucosa no sangue é fundamental. Con este sistema que xa está implantado en Europa en países como Francia, Inglaterra, Portugal. Espera que a Xunta poda dar unha mellor calidade de vida aos diabéticos, especialmente aos menores de idade. Noutras comunidades autónomas xa o están empregando Valencia, País Vasco.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, en representación do goberno municipal, que sinala que tamén van a votar a favor desta moción por que apoian todo o que se poida facer para mellorar a calidade de vida das persoas con diabetes.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. Camaño Fraga, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

- Dirixirse o Concelleiro de Sanidade para que se facilite un sistema de monitorización de glucosa (monitor e parches) aos diabéticos cubrindo parte ou o total do custo.
- Dar conta deste acordo plenario aos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“No colexio Castelao, levan desde fai varios anos padecendo nalgunhas aulas unhas condicións de excesiva humidade e baixas temperaturas. Malia que a dirección do centro leva anos demandando unha solución, a día de hoxe seguen sen contar con ningunha.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

No mes de decembro, ante esta situación e coa chegada do frío e da choiva, as titoras das aulas dun dos edificios de dito centro de ensino, víronse na obriga de enviar unha notificación ás familias recomendando que levasen aos nenos e nenas ben abrigadas.

Resulta lamentable que a día de hoxe existan este tipo de problemas nun centro de ensino público. Tamén consideramos grave que dito problema non sexa solucionado malia que a dirección do centro leva anos denunciando a situación.

Cabe recordar que a competencia de conservación dos centros de ensino correspóndelle ao concello, incluíndo as correspondentes revisións dos sistemas de calefacción.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

- 1- O pleno do concello de Ordes insta ao alcalde a que leve a cabo os trámites precisos para garantir un correcto funcionamento do sistema de calefacción dos edificios do colexio Castelao, sendo extensible ao resto de centros de ensino do municipio.
- 2- O pleno do concello de Ordes insta á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a que leve a cabo as actuacións precisas para suprimir as humidades existentes en varias aulas do colexio Castelao e mellorar o illamento térmico dos edificios de dito centro de ensino”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. Camaño Fraga, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que están de acordo.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que descoñecía por completo os problemas dos que está a falar o BNG. Vai a votar a favor. Pide que as peticións que os colexios fagan ao goberno sexan trasladadas tamén a oposición, iso axuda moitas veces a consensuar propostas de cara á mellora dos centros educativos.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG, que sinala que si existe un problema están de acordo en que hai que resolvelo.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que se fala de competencias da Xunta de Galicia e do goberno municipal, que supón terá unha explicación para todo isto.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que nin dende o ano 2015, nin con anterioridade a dirección do centro demandou unha solución sobre este pavillón. Ao remate dos anos académicos os centros envían un escrito ao concello coas deficiencias ou necesidades a solucionar. Cando se asumiu o goberno municipal visitáronse todos os centros educativos facéndose un plan estratéxico en colaboración coas Anpas e coas direccións dos centros para tratar de solucionar todos os problemas que había nos centros educativos. No CEIP investiuse máis de medio millón de euros en illamentos térmicos, déuselle a opción de elixir por prioridades, elixiron o edificio máis grande. Ao seu remate reformouse o edificio verde, a continuación ía a mudarse as fiestras dos edificios que quedaban. Nunca se demandou máis que a previsión de cambiar as fiestras do edificio amarelo. O ano pasado a Consellería mudou a calefacción do edificio amarelo que é nova. Non existe un problema de calefacción, existe un problema de humidade por que hai que cambiar as fiestras, que están para cambiar no ano 2018, xa están encargadas, en canto haxa un momento para facer as obras cambiaranse. Como goberno queren resolver os problemas nos colexios. A dirección do centro nunca demandou unha solución, nunca presentou un escrito. É certo que se enterou da nota das mestras polos país, a dirección nunca se puxo en contacto co concello nin coa Consellería. Non poden votar a favor da moción por que o sistema de calefacción funciona, estiveron alí e non facía frío, si que hai un problema de illamento coas fiestras, van a mudarse todas as fiestras.

Polo Sr. Alcalde, ábrese unha segunda quenda de intervencións

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que hai un problema, ou a dirección do centro lle minte aos concelleiros ou aos profesores. Na nota informativa que sacaron os profesores se di que lle leva reclamando esa deficiencia á Xunta de Galicia. Alguén está a mentir. Estanse facendo as pertinentes inspeccións que manda o regulamento de instalacións térmicas nos edificios, estase pasando unha OCA.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a competencia das calefaccións en todos os centros educativos de infantil e primaria trasladouse no ano 2014, non é unha competencia municipal. A día de hoxe é competencia da Consellería de Educación e da súa Unidade Técnica. Outra cousa é que o Concello teña que acudir para unha pequena reparación nun radiador. A Consellería asumiu incluso os gastos do gasóleo. Non siga insistindo nesa liña. No ano 2016 pasouse a revisión OCA a todos os centros educativos do concello, incluída a dos sistemas de prevención de incendios. Gustaríalle que se entrevistase coa dirección do centro e que sexa ela mesma quen llo diga. Nunca se comunicou un problema con respecto ao edificio amarelo.

Intervén o Sr. Vidal, que sinala que non lle vai a chamar mentireiros aos mestres que din nesa nota que fai frío e recomendan que os nenos vaian abrigados. Non é a mesma sensación térmica cinco minutos que votar cinco horas pola mañá pasas frío. Nos anos que ten nunca viu unha nota así parécelle vergonzoso. Dubida que cunhas fiestras se solucione o problema, ten coñecementos técnicos para dicilo. Cunhas fiestras non se muda a situación nun edificio de finais dos setenta que carece de illamento térmico nas cámaras, que a cuberta é de fibrocemento. Nun edificio sen illar cambiando as fiestras vai a seguir perdendo temperatura. Seguen a ver unha medida insuficiente, hai que investir máis cartos. Seguen a reclamar a solución dos problemas de illamento.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que se van a abster, a calefacción dos centros educativos non é unha responsabilidade municipal. O Concello ten que mirar por que se cumpra a lei. Un edificio de máis de corenta anos non é a única reparación que se fixo o ano pasado, recorda tres ou catro reparacións importantes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que vai a votar a favor.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG, que sinala que van a votar a favor.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que o primeiro punto é unha competencia da Xunta dende o ano 2014. O seu goberno estivo interesado en ter unhas instalacións dignas para os estudantes, fixéronse reformas. Este edificio require investimentos importantes. Espera que o goberno tome as medidas necesarias para que este problema non siga pasando.

Pecha o debate o Sr. Alcalde, que sinala que esas visitas se produciron, a dirección do centro en ningún momento fixo chegar ningunha reclamación con respecto a ese edificio. Si que lle escoitou alí á directora que había aulas nas que tiñan que apagar a calefacción desde que se instalou o sistema SATE no edificio principal. Cando optaron polo edificio non que facer un investimento foi por que este tiña unha mellor condición térmica que os outros. No edificio intermedio se fixo unha inversión importante onde había unha problemática importante coas fiestras. No edificio do CEIP Campomaioir esta cambiado o sesenta por cento das fiestras e se aprecia a diferenza con respecto as aulas nas que non, a mellora é substancial no aforro de calefacción e mellora térmica. O Concello ten que velar polas necesidades dos centros educativos, facer unha labor de mantemento, pero o ano pasado o CEIP Castelaio tivo máis de trinta mil euros de remanente gracias a esa inversión de máis de medio millón de euros polo aforro en calefacción e noutras labores de mantemento, e ni tan sequera se plantexaron eles si o fixo a Anpa comprar tarima, pintura, esa tamén é unha labor importante dos mestres, do claustro e especialmente da dirección. Por iso lle di que recorra o centro, vexa como realmente funciona esa dirección e despois valoramos iso dunha forma máis concreta. O punto primeiro do acordo non ten ningún tipo de inconvinte, non é unha competencia municipal, por iso lle plantexa que o retire. Con respecto ao punto segundo vai a facerse unha renovación das fiestras que estaba falado dende a última visita o ano pasado do Xefe Territorial. Non sabe cando vai haber dotación orzamentaria para o illamento térmico dos edificios que quedan pendentes. É increíble que ese centro remate o ano con corenta mil euros de remanente dos fondos que lle da a Consellería para investir nese centro e cos que se poderían ter corrixido moitas situación, e o que máis lles molesta e que nin sequera nolo teña comunicado e que da mesma maneira que se enteran vostedes nos teñamos que enterar nos. A culpa é da directora e do claustro, se se dirixiran a nos polo menos poderíamos terlle dado unha resposta. No outono máis seco en corenta anos, no inverno de 2017 ese problema máis importante despois dun investimento de máis de cincocentos mil euros.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que están a falar do edificio amarelo, quen mandou a nota foron os profesores do edificio amarelo.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o goberno vai a votar en contra tal e como se está a propor este acordo, independentemente diso seguirán traballando para mellorar este centro educativo.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, **primeira votación:** cinco votos a favor (3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal), cinco votos en contra (grupo político PP), coas abstencións (3 grupo político UxO, Sr. Camaño Fraga, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal); **segunda votación:** cinco votos a favor (3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal), cinco votos en contra (grupo político PP), coas abstencións (3 grupo político UxO, Sr. Camaño Fraga, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), decide o empate o voto de calidade en contra do Sr. Alcalde, sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político BNG.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“No pasado pleno ordinario do 27 de marzo de 2015, a pesares do voto en contra do BNG, o renovouse a concesión da xestión da residencia municipal de maiores de Ordes á empresa FESAN. Naquel pleno desde o BNG opuxémonos á renovación de dito contrato por 5 anos, posto que sospeitabamos que non se estaba a cumprir a normativa (Orde do 13 de abril de 2007), demandamos a municipalización do servizo.

No pasado pleno ordinario do 23 de febreiro de 2016, formulamos desde o BNG unhas preguntas ao alcalde sobre a residencia da terceira idade de Ordes, onde se nos afirmou durante as respostas que o persoal do que dispoñía estaba por riba da ratio.

A este grupo municipal do BNG de Ordes, chegaronlle queixas procedentes das familias das persoas que residen na residencia municipal de maiores de Ordes, queixándose de falta de persoal e mesmo que existe xente valorada como válida cando debera estar valorada como asistida, o cal altera as ratios.

Temos así mesmo constancia de que traballadores/-as da residencia de maiores de Ordes, teñen trasladado a integrantes do goberno municipal esas situacións e outras como poden ser baixas e vacacións sen cubrir.

Todos estes problemas conducen a unha única realidade, que é que os/as usuarios/-as da residencia de maiores están insuficientemente atendidos/-as, non por unha falta de profesionalidade do persoal, se non pola escaseza de efectivos.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

- 1- O pleno do concello de Ordes insta ao alcalde a rescatar a concesión da xestión da residencia municipal de maiores de Ordes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

- 2- O pleno do concello de Ordes insta ao alcalde a xestionar publicamente a residencia de municipal de maiores de Ordes, ben municipalizándoa ou ben integrándoa no consorcio galego de servizos de igualdade e benestar.
- 3- O pleno do concello de Ordes insta ao alcalde a efectuar a subrogación dos contratos laborais dos/-as traballadores/-as da residencia municipal de maiores de Ordes”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. Camaño Fraga, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que votarán en contra. É verdade que o goberno municipal ten que vixiar se hai un contrato que se cumpra.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que hai un informe contrario, eu discrepo bastante del. Vai a facer a súa intervención. No primeiro punto do acordo que propón o BNG en canto ao rescate da concesión da xestión da residencia, parécelle correcto pero sempre cando non implique custes. Isto quere dicir que sería bo esperar á finalización do contrato da empresa para proceder ao rescate do mesmo. En canto ao punto segundo é evidente que a xestión pública da residencia implicaría unha mellora do servizo prestado no centro. Pero a ela parécelle máis favorable para o centro que sexa integrado no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, como hai moitas residencias, ca que sexa o concello o que xestione de xeito público a residencia, por que se evitarían custes innecesarios e tamén se evitaría engadir máis carga de traballo para o concello. En canto ao terceiro punto no que se insta ao alcalde a efectuar a subrogación dos contratos laborais dos traballadores da residencia. Quería facer un chamamento ao Sr. Alcalde, xa que a teñen informado de que se está a desacreditar profesional e persoalmente á directora do centro, nun evidente ataque á presunción de inocencia. A información que lle deron é a seguinte. O Alcalde e a Concelleira de Servizos Sociais, a Sra. García, recibiron varios correos electrónicos dun remitente descoñecido, nos que ser vertían inxurias e calumnias en contra da directora do centro, acusándoa de maltrato aos residentes e aos traballadores tamén. Posteriormente a concelleira iniciou un interrogatorio no centro pola súa conta. Que por certo, polo que lle trasladaron foi infrutuoso, xa que parece ser que ninguén deu as queixas de que existise maltrato por parte da directora, nin aos anciáns, nin aos traballadores. O Sr. Alcalde e a Sra. García parece ser que ademais de gobernar tamén teñen competencias para decidir a quen se destitúe a dedo, para posteriormente colocar nese posto a unha persoa da súa confianza. Para facer un traballo máis limpo ofertáronlle vostedes un posto de traballo na gardería, e chegaron a recomendarlle que desaparecese un tempo, para que a xente deixase de falar.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira de servizos sociais, que sinala que esta cometendo inxurias.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

Continúa a Sra. Martínez Candal, que sinala que esta no seu turno de palabra Sra. García. No, incidindo que era o mellor para ela. Pois ben, non pode máis que afirmarse mentres non se lle demostre o contrario, que están vostedes a vulnerar os dereitos fundamentais da directora do centro, que se ve obrigada a acudir agora aos avogados na procura do restablecemento da súa honra e dos seus dereitos como traballadora do centro. Pide entón que dentro deste terceiro punto, como ben pretende acordar o BNG, se inste tamén ao Alcalde a manter como corresponde por lei os dereitos desta traballadora, e máis os de todos os demais empregados do centro, salvagardando así os seus postos de traballo, a non ser que se demostre o contrario onde corresponde que é nos xulgados.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto todo que acaba de dicir vai a ter que acreditálo no xulgado e vai a esixir as desculpas pertinentes, por que aparte minte máis que fala. Por que primeiro tiña que haberse informado do que realmente sucedeu, por que en ningún momento ningún deses correos electrónicos que se recibiron se fala de ningún maltrato por parte da directora, ningún.

Intervén a Sra. Martínez Candal, que sinala que leu os correos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non sabe nin do que está a falar. A segunda parte, vostede vai a responder por isto no xulgado e vai a reclamarlle as responsabilidades correspondentes. Ten vostede ata o remate do pleno para retirar todo o que acaba de dicir, senón veranse no xulgado nos vindeiros días. E non van a falar máis ao respecto desta cuestión.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG, que sinala que tamén lles chegaron queixas de que o funcionamento da residencia non está sendo todo o adecuado que debería. A moción do BNG parécelles unha boa idea se se pode levar a cabo. A municipalización da residencia creemos que non é asumible polo custe, pola subrogación de persoal, pola lei de axuste presupostario. Revisando os pregos de cláusulas este é moi antigo e xenérico. O problema xa foi no 2014 cando se prorrogou a concesión. Absteranse nesta moción.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que dende o ano 2005 en que se adjudicou esta concesión administrativa, foi un reto que se conseguiu gracias a unha subvención da Xunta de Galicia para a construción dun centro para os nosos maiores. No 2005 cando se abriu o centro non viña ningún usuario do noso municipio e a empresa estaba a perder diñeiro. Todo o persoal volcouse para conseguir usuarios, e así ao pouco tempo cubríronse todas as prazas. O que piden é que si todos estes problemas co persoal en baixas, vacacións e salario digno si é unha competencia do concello para que se cumpra, para que non haxa un estres no traballo e se poida cumprir co servizo. A nosa residencia é un exemplo de residencia privada en Galicia. Segundo o informe do interventor e secretario que di que as residencias non é unha competencia de concellos menores dun número de habitantes, en segundo lugar di que non se pode subrogar ao persoal. Está é unha moción que se presenta todos os anos. Non queremos que os nosos maiores teñan ningunha carencia e o persoal tamén. Por iso pide cumprimento por parte da empresa do contrato que teñen asinado.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de servizos sociais, que sinala que vai obviar o que dixo a Sra. Martínez Candal por que iso xa o resolverán no xulgado. En decembro de 2017 recibiron queixas sobre a estrutura organizativa e o reparto de tarefas na residencia o cal podería redundar en problemas no persoal traballador da residencia e por tanto nos usuarios. Trasládaron as queixas á empresa que xunto con esta concelleira no centro avaliaron e



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

analizaron todos e cada un dos puntos susceptibles de mellora, por que é obriga do goberno fiscalizar o cumprimento do contrato. En diferentes xornadas falouse con todos e cada unha das traballadoras recollendo as suxestións que foron facendo as propias traballadoras e tomáronse en consideración outras para a súa próxima implantación. Sempre que polo grupo político BNG se preguntou neste pleno polo persoal do que dispoñía a residencia se dixo que estaba por riba da ratio e segue estando. As valoracións dos usuarios da residencia fanse cada seis meses, é o mínimo legal, quizais agora temos que cambialo e facelo antes. Este prazo é por que a variación que ten un residente pode ter carácter de permanencia ou non. Cada vez que hai un cambio de válido a asistido múdase o contrato e o prezo. É certo que a finais de xullo unha das persoas competentes para valorar aos usuarios dixo que había dúas persoas válidas que tiñan que estar como asistidas, facéndose a valoración agora en xaneiro dentro do prazo mínimo legal. O que temos que facer é non alongar tanto este prazo de tempo de valoración. Neste momento hai 18 válidos e 31 asistidos, todos perfectamente valorados. Non é certo que existan baixas e vacación sen cubrir, nunca se nos comunicou esta incidencia que non se cubrise, nin por escrito hai constancia. No 2017 púxose unha xerocultora máis pola mañá, incrementáronse oito horas máis de animación, iniciáronse talleres de expresión emocional e ultimamente púxose un proxecto interxeracional, proximamente haberá unha persoa para as relacións coas familias, estase a elaborar un plan de reorganización das tarefas contando coas suxestións do persoal. Cúmprese a ratio 14,6 sobre 14,45 e non hai razón par rescatar a concesión do servizo. Hai que traballar para melloralo, para fiscalizalo e para que se cumpra o contrato.

Polo Sr. Alcalde, ábrese unha segunda quenda de intervencións

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que eles consideran que si. Entenden que é un servizo que debe ser prestado publicamente, non é un negocio para facer cartos, é para prestar un servizo debidamente atendido e co persoal que se necesite. Segundo o cadro de traballo unha soa persoa tiña en corenta e cinco minutos que asear, vestir e deitar a nove persoas, non chega o tempo. Por iso insistimos en que hai deficiencias, hai unha insuficiencia de atención de cara aos residentes e non pola falta de profesionalidade do persoal, senón pola insuficiencia do mesmo. Afirmou que non tiña constancia de que non se cubrían as baixas, nos temos constancia diso. Hai un incumprimento grave, creemos que a solución é quitar as empresas do medio e municipalizar o servizo, se non é posible como propoñemos no segundo punto é que sexa de xestión pública, integrando esta residencia non Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar, para que haxa o persoal suficiente para prestar un servizo axeitado, non é un negocio. Tarde ou cedo todos imos estar alí e imos querer que se nos atenda ben. Pídelle que reflexionen.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que canto máis escoita as intervencións máis en contra está do rescate. O que hai que facer é cumprir co contrato.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que unha das súas funcións é facer control e vixilancia ao goberno. Ademais a persoa afectada por estes feitos, que é a directora, chegou a mostrarlles as mensaxes que recibiu da Seguridade Social no seu móbil, con data do 7 de xaneiro, no que se lle notificaba a baixa na empresa que xestiona a residencia e outro do 8 de xaneiro, no que se lle notificaba a alta na empresa que xestiona a gardería. Logo de reclamarlle á empresa que non estaba de acordo, o día 11 recibiu outra mensaxe da Seguridade Social no que se lle notificaba que se anulaba a baixa na empresa da residencia.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

Como non foron capaces de resolver este conflito de xeito cordial, pídolles que rectifiquen vostedes. Teñen agora a oportunidade de restablecer a honra e os dereitos desta traballadora. Digan publicamente que se van a respectar os dereitos desta empregada e pidan perdón por haber presionado a esta empregada para abandonar o seu posto de traballo e os seus dereitos, a costa de dar veracidade a varios correos electrónicos que nin sequera teñen remitente coñecido e que incluso despois de lelos considera que son extorsionadores de cara ao grupo de goberno, ameazando veladamente nos mesmos con sacar á luz supostos malos tratos, ademais dunha noticia publicada no diario La Opinión da Coruña no que se critica á Xunta de Galicia, en concreto á Consellería de Traballo por haber invitado para unha adxudicación a tres entidades que compartían o mesmo directivo que esta empresa que leva a residencia, que é Fesan. Atrévase a dicir que non se debe actuar baixo ameazas sen feitos probados e non se debe privar dos dereitos a ningún traballador a non ser que un xulgado dite sentenza contraria. Despois de haber recibido eses correos vostedes mesmos debería haber denunciado os feitos e non coaccionar a ninguén como fixeron, e a persoa que enviou os correos debería haber denunciado os malos tratos e non andar de correo va e correo viene. A esta empregada, ademais, suprimíronlle o acceso ao seu correo electrónico donde conta coas evidencias de haber solicitado ela mesma máis persoal para o centro, un prezo intermedio, habilitación do xardín traseiro que tamén lle solicitou á concelleira Susana García e a mellora da seguridade do centro, que agora non pode xustificar debido a que non ten acceso ao seu propio correo electrónico. Espera teñan a ben restablecer esta situación que se creou por non saber abordar un asunto tan sensible e delicado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que quere facer unha matización para que conste en acta. Unha cousa é o que lle pide a empresa e outra cousa é o que lle pide o concello. Na reunión que mantivo con ela, na reunión que ela lle pediu, preguntoulle se se sentía capacitada para seguir na residencia, unha pregunta persoal a unha persoa que e veciña miña, e ela me dixo que non, e estaba o seu marido diante, e con isto quero zanxar a situación. Primeiro veu a verme o seu marido e despois ela e o seu marido. Para que conste en acta por todas as inxurias e acusacións que antes verteu, para que despois cando teña vostede que dar marcha atrás de todo o que dixo con anterioridade, tamén conste en acta isto. Vostede non sabe desas conversacións, so sabe do que lle contan, do que lee ou do que quere malinterpretar. O email ese anónimo que estaba a ler en ningún momento fala, di que a directora maltrata a ninguén, en ningún momento. Xa nese punto mentiu con anterioridade. Vostede ven aquí a lanzar acusacións, pero non lle van a saír nada gratuítas, nin nada baratas. Como non temos poder sobre a empresa, nin sobre ela neste sentido, e as negociacións que tiveron entre eles non nos culpe a nos, nin das peticións que lle fixo á empresa que estaban sen resolver. Nos as peticións que lle fixemos á empresa na medida do posible estamos a tratar de conseguir que se resolvan. Hai que agradecer o traballo da concelleira, tamén do anterior goberno en demandas sobre a residencia que se resolveron. Tamén me dirá agora que é traballo noso de fiscalización os problemas entre as traballadoras e a empresa, cando nin elas mesmas son capaces de coordinarse e poñerse de acordo en todas esas cuestións. Está seguro de que tratan de traballar da mellor maneira, de sacar adiante o traballo. Hai cousas que mellorar, estase traballando niso. A raíz de toda esta situación que se está a vivir dende pouco máis de dous meses espera que se poida mellorar. Temos unha residencia exemplar, hai que seguir a traballar para que siga a ser unha referencia. É unha das residencias máis económicas de todo Galicia, leva moitos anos traballando, que sen ser unha obriga do concello a temos. Hai que dignificar o traballo do persoal e que os usuarios estean o mellor atendidos posible.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG, que insta ao Concello a velar polo bo funcionamento da residencia.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que o que piden despois de escoitar o que se está a dicir aquí é que non haxa presións hacia ningunha persoa. Todos son necesarios. Se a residencia esta aquí é porque a labor de todo o persoal foi importante, senón non habería lista de espera, iso quere dicir que é bo. Xa hai máis xente de Ordes que de afora, esa é unha labor a través do tempo de todo o persoal. Espera que as augas volvan ao seu cauce. Que a directora volva ao seu posto de traballo. O goberno ao rematar o contrato poderíase acordar a municipalización do servizo e continuar co persoal. O Alcalde decidirá que o que vai a facer con ela.

Pecha o debate a Sra. García Gómez, concelleira delegada de servizos sociais, sinala que non ten nada en contra da directora, nunca mencionou a directora para nada, non fixo ningunha manobra por que non está lexitimada para tomar ningunha decisión pola empresa. Non coñece á directora actual, de nada, a coñece de vela alí, de facer as substitucións da directora, polo que a Sra. Martínez Candal ten que ter moito coidado co que di. Analizados os puntos susceptibles de mellora e co compromiso deste goberno por optimizar a prestación do servizo, tendo en conta o informe da secretaría e intervención compre resaltar tres cousas, por un lado que a residencia da terceira idade non é unha competencia municipal, non se impide que o Concello preste este servizo en tanto non afecte á estabilidade financeira do concello. Se para asumir a xestión houbera que aprobar un plan económico-financieiro por incumprir a estabilidade, obxectivo de débeda ou a regra de gasto entón habería que pechala, o que prexudicaría para empezar a vinte e cinco postos de traballo existentes. Segundo, para rescatar unha concesión tería que haber unha perturbación grave do servizo, aínda así debería iniciarse a tramitación dun expediente en cuxa tramitación o concesionario tería un prazo para corrixir as deficiencias advertidas. Pode haber problemas puntuais pero non se poden deducir perturbacións graves do servizo, máxime cando a xestión do mesmo está suxeito a controis exhaustivos da administración da comunidade autónoma a través de inspeccións continuas. Se non se pode proceder ao secuestro e se quixese xestionar municipalmente tería que indemnizarse ao concesionario por danos e prexuízos ademais de polos investimentos realizados, todo tamén segundo un procedemento legalmente establecido. A integración no consorcio suporía igualmente un problema para estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira dado que o concello tería que por cartos enriba da mesa. Terceiro, calquera que fose o caso, as traballadoras perderían o posto de traballo, dado que administración ou o consorcio non poderían subrogar ao persoal, o cal tería que concorrer a un proceso selectivo sen aplicación de méritos específicos, sendo de aplicación os criterios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade. Se a estas razóns lle engadimos que estamos convencidos que cunha maior implicación do persoal, da concesionaria e do concello na medida das súas posibilidades, podemos avanzar cada vez máis na mellora dos servizos do centro e facer cada día máis cómoda e agradable a estada dos residentes. Por todo elo nos non podemos apoiar esta moción. Esta concelleira e este goberno comprométese a controlar, fiscalizar e estar pendentes do funcionamento da residencia da terceira idade para que sexa o máis eficiente posible.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de once votos en contra (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, Sr. Camaño Fraga, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), catro votos a favor (3 grupo político BNG,



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

Sra. Martínez Candal), coas abstencións (Sr. Manteiga García), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político BNG.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“Manuel Viqueira naceu no lugar de Villaverde, Ordes, o 7 de setembro de 1929 e faleceu o 9 de febreiro de 2015.

Manuel foi o terceiro de catro irmáns e o único gaitero da familia.

Comezou a tocar cando tiña tan so oito anos cunha gaita de bieiteiro feita por el mesmo. Con catorce anos foi tocar cos "Gaiteros de Xulio", Pardiñas, Buscás, e máis tarde formaríase o grupo "Os de Buscás".

No ano 1990 formou o grupo "Os Viqueiras" xunta con tres dos seus catro fillos, e no ano 2006 gravou o seu primeiro disco para a colección "Os nosos Gaiteros"

No ano 2010 gravou varios temas para o disco "Noites de Tasca" cos Viqueiras.

Manuel foi considerado como un dos mellores gaiteros en tocar pechado. Tiña un estilo propio da zona de Ordes, onde tocou durante moitos anos ata que faleceu no ano 2015 causando unha gran perda no mundo da gaita.

Manuel alternaba a gaita co oficio de albanel, xa que tiña que sacar unha familia adiante. Tivo catro fillos, dous deles (Manuel e Paco), continúan hoxe terminando dos Viqueiras, que acaban de gravar o seu segundo traballo, un libro- disco que leva por título "Villaverde". Déronlle ese nome por ser a aldea onde naceu Manuel e o seu fillo Manolo.

O libro disco recolle todos os temas da comarca de Ordes e especialmente do repertorio de Manuel, que deixou mais de 30 obras musicais pasadas todas elas a partitura.

Con esta moción propoñemos o seguinte:

- 1- Que se realice un acto de recoñecemento público á figura de Manuel Viqueira Vieites poñéndolle o seu nome ao espazo situado diante do Museo do Traxe para que o seu nome sexa coñecido polas xeracións vindeiras.
- 2- Que nese mesmo espazo se levante un monolito (busto) conmemorativo como recoñecemento á súa traxectoria artística”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada polo grupo político BNG, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, **primeira votación:** oito votos a favor (3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Caamaño Fraga, Sra. Martínez Candal), oito votos en contra (5 grupo político PP, Sr. Manteiga García, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal); **segunda votación:** oito votos a favor (3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Caamaño Fraga, Sra. Martínez Candal), oito votos en contra (5 grupo político PP, Sr. Manteiga



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

García, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), decide o empate o voto de calidade en contra do Sr. Alcalde, sendo dezasete o número legal dos seus membros, non apreciou a súa urxencia, non procedendo o seu debate e votación.

Polo Sr. Alcalde, ábrese unha quenda para a explicación do voto en contra polos Srs. Concelleiros.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que está a favor de que se faga unha homenaxe a Manuel Viqueira, pero unha moción non é a forma para acordala, ten que haber unha proposta informada pola Comisión e despois sometida ao pleno. Esta moción ten uns acordos. Unha homenaxe ten que ser algo consensuado coa corporación enteira, non se pode dicir así, así e así, esa non é forma de conseguir un acordo. Ten que haber un expediente tratado nunha comisión. Está disposto a que haxa unha comisión cun acordo de todos. Isto non é política. Esta é unha persoa coa que non se pode facer política. Encomenda ao Sr. Alcalde para que dentro de dous ou tres meses convoque unha comisión para tratar estas cousas na que votarán a favor o acordo de todos. En Ordes hai moitas personaxes. Hai que chegar a un consenso sempre.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG, que sinala que non están en contra de recoñecer a figura pública de Manuel Viqueira, nin a calquera outro artista, artesán ou personaxe público relevante da vida de Ordes. Esta moción fai referencia a un espazo concreto, a continuación o Sr. Alcalde dará as explicacións pertinentes, por iso votarán en contra.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esas explicacións xa llas fixo saber o pasado venres xusto antes de empezar as comisións, ao Sr. Iglesias Vieites persoalmente e incluso lle pediu que reflexionase sobre que non era o método adecuado a través dunha moción facer este recoñecemento. Recoñeceu que estaba de acordo co fondo. Ese chamamento do que fala a emenda do BNG están dispostos a el. Buscarán a mellor maneira de facer este recoñecemento a este artista e tamén a outros dos que tamén se poida falar no seu momento, que está seguro que saíran desas reunións que fagamos ao respecto. Antes dese prazo de dous ou tres meses que pediu o Sr. González convocarase a todos os concelleiros a unha reunión ao respecto, para tratar inicialmente este punto e a outras persoas, para facer distincións futuras. Hai algunha persoa, fillo predilecto que queda pendente de incorporar a o rueiro. A maiores hai un pequeno avance de compromiso con respecto a este espazo ca cidade de Veracruz e por tanto a corporación ten que analizar esa parte cando proceda por que o ano que ven vai a celebrarse o cincocentos aniversario, eles van a poñer alá un lugar adicado a Ordes. No seu día adiantouse estando presente o secretario xeral dos socialistas de Ordes que se propoña ese espazo que está diante do Museo, dado que eles fixeron xa donativos para o noso Museo. Por iso non vemos que a través dunha moción se poida adoptar un acordo hoxe aquí. De aí o noso en vota en contra da urxencia da moción, prefiren facelo na urxencia e non estar aquí nun debate que non nos vai a levar a ningún lado por que non compartimos a forma na que se trata de levar adiante, que polo que ve tampouco comparten outros compañeiros desta corporación. Algo que xa lle trasladou a un representante da familia esta mañá co cal se entrevistou. Esta é a realidade, antes de tres meses convocarase esa reunión, na que falarán de Manuel Viqueira e de calquera outra xente que teña a ben calquera membro da Corporación para que se analice a posibilidade de facerlle un recoñecemento ou facerlle un espazo.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

Solicita intervir o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que pide poder explicar o seu voto, sinala que traian unha proposta coa mellor intención do mundo, así a redactaron. Realmente creen que a esta persoa hai que facerlle unha homenaxe. Persoalmente lle parece que non se chegue a debater, a votar, moi triste.

Intervén o Sr. Alcalde, que na moción hai un acordo a votar, non queren votar en contra dese acordo. O que lle din é que o que veña aquí se acorde por unanimidade. Tal é como está plantexado o punto non llo poden votar a favor. É o que queren evitar, o que lle pediu o outro día que reflexionase ao respecto.

Solicita intervir o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que o seu grupo tiña unha emenda a esta moción a que pide poder dar lectura, que é a seguinte:

“As figuras culturais en tempos pasados e difíciles, son dignas de admirar, recordar e homenaxear. Unha desas figuras destacadas é a de Manuel Viqueira Vieites cuxa traxectoria se expón na moción presentada polo grupo Unión por Ordes.

Desde o grupo municipal do BNG de Ordes, que se cabe e o máis vencellado ao mundo da música, unímonos a esta petición dun merecido recoñecemento á figura de Manuel Viqueira Vieites, pero non podemos esquecernos doutras persoas do noso concello que levaron traxectorias tamén merecedoras de distinción.

Tan so os nomes de Flor da maquía, Calviño de Buscás, Eduardo Veiras, Cesáreo Liñares, Xosé Lopez Bao, Luthier, o cuarteto "Os da Fraga", alén de moitos outros que nos poden quedar no tinteiro, fannos comprender que é preciso recoñecer a todos estes expoñentes da cultura musical do pasado do noso concello; xa que esquecerse deles ou dotalos dunha distinción menor, suporía un claro agravio comparativo dificilmente comprensible ou xustificable.

É polo que con esta emenda intentamos desde o BNG de Ordes mellorar unha iniciativa coa que compartimos o fondo; polo que creemos mais atinado que espazos como poden ser as aulas da escola da música, o local de ensaio ou mesmo o auditorio da casa da cultura, reciban oficialmente os nomes de todos estes artistas, logrando deste xeito unha homenaxe xusta e equitativa que non sería posible conquistar do xeito proposto, dándolle o nome dun deles a unha praza e colocando un monolito.

E polo que propoñemos substituír os acordos formulados na moción de Unión por Ordes polos seguintes acordos:

- 1- O pleno do concello de Ordes insta ao alcalde a homenaxear aos artistas musicais que agromaron no noso concello no pasado, dándolle oficialmente o nome a cada un deles/-as a espazos como poden ser as aulas da escola de música, o local de ensaio ou o auditorio da casa da cultura.
- 2- O pleno do concello de Ordes insta ao alcalde a que o exposto no punto anterior sexa acordado por tódolos grupos municipais e concelleiros/-as non adscritos/-as, nunha reunión que se deberá convocar antes de dous meses desde a aprobación desta proposta.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 23

- 3- O pleno do concello de Ordes insta ao alcalde a que se instalen nos espazos correspondentes, placas co nome oficial que recibirán, xunto cunha fotografía e biografía da persoa homenaxeada”.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que se houbera a comisión informativa permanente de honras, que se eliminou, teñen que traer unha moción por que senón non se debatería nunca.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non habendo comisión de honras específica, está a comisión de asuntos xerais do pleno na que ten perfectamente encaixe. Ese argumento non serve.

Intervén o Sr. Regos Boquete, que sinala que a moción se fixo para outros persoeiros e non pasou nada. Como non podemos estar de acordo se todos coñecemos a traxectoria de Manuel Viqueira, de Calviño de Buscás, de Flor da Maquía, de Andrés de Villamayor e moitos máis, todos merecen o seu recoñecemento, pero pensamos que os locais sociais que temos agora podían servir para facerlles unha homenaxe por que son doutras parroquias. Dentro destas persoas hai algunhas que destacaron un pouco máis. Manuel Viqueira é un referente para os demais.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que están moi ben os argumentos que acaba de dicir, segue a insistir que por o nome a unha praza e por un busto ten que ser unha decisión unánime de toda a corporación, é o seu criterio, do goberno e polo que ve de máis compañeiros da corporación e non comparten a forma de traelo aquí o día de hoxe a través dunha moción como vostedes o plantexan. Ese é o motivo do noso rexeitamento, aínda que estamos de acordo co fondo. Oxalá se chegue a un consenso para esa homenaxe e se busque un lugar axeitado para recoñecer a figura desta persoa ou de calquera outra que teñan a ben.

Intervén o Sr. Regos Boquete, que sinala que o nome dunha rúa ou a colocación dun busto poder acordarse cun acordo plenario, outra cousa é o nomeamento de fillo predilecto que require a tramitación dun expediente. Estamos a falar da colocación dun busto, nada máis.

PUNTO OITAVO: ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Gómez Candal, concelleiro non adscrito, que formula os rogos que se transcriben a continuación:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 24

- Na travesía da DP2405 no lugar do Mesón do Vento hai un treito da estrada que está en moi malas condicións (concretamente entre a rotonda da N550 e o restaurante Avelino).

Por todo isto, solicito ao Sr. Alcalde o seguinte:

Inste ó Excelentísimo Presidente da Deputación da Coruña a arranxar o antes posible a estrada DP-2405 ao seu paso polo lugar do Mesón do Vento.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que coñecen o caso, xa a policía local falou co vixilante. Farémoslo chegar á Deputación Provincial solicitando que proceda canto antes ao arranxo desta estrada que ten moitos baches.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que formula os rogos que se transcriben a continuación:

- Hai unha finca privada delimitada por grandes muros lindando coas instalacións do supermercado DÍA situado na Avenida Alfonso Senra da vila de Ordes.

Dito muro, na parte que se encontra pegada á beirarrúa de uso público, atópase nun estado que pode poñer en perigo os peóns que transiten por dita beirarrúa se chega a desplomarse.

Por todo isto, solicito ao Sr. Alcalde o seguinte:

Que uns técnicos competentes se acheguen ó lugar mencionado para avaliar o estado de dito muro e se efectúen as actuacións necesarias se foran precisas para manter a seguridade dos veciños.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que trasladarán o rogo á asistencia técnica municipal e procederán segundo o informe dos enxeñeiros que analicen o estado do muro.

- Na rúa do Recreo e na rúa Coruña hai varios postes de FENOSA situados nas beirarrúas que obrigan nalgúns casos aos peóns e ter que baixar á calzada para poder continuar o seu traxecto co conseguinte perigo e incomodidade.

Por todo isto, solicito ao Sr. Alcalde o seguinte:

Proceder ó soterramento das liñas eléctricas nestas rúas para poder retirar os postes antes mencionados.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 25

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que farase á solicitude á empresa distribuidora, analizaran os custes do orzamento. Estudarán a posibilidade de que a empresa distribuidora asuma unha parte da actuación.

- Enfronte ao concello na beirarrúa contraria (diante do portal número 103 onde se atopa a parada de bus) hai unha grande arqueta de Telefónica que está deteriorada xa que os buratos onde se supón que levaba os ganchos para levantala só serven para provocar tropezo e pozas de auga.

Na rúa Rosalía de Castro existen dous postes de Telefónica situados a ambos lados do edificio número 12, dos cales un está no medio da beirarrúa e outro na zona de aparcamento.

Por todo isto, solicito ao Sr. Alcalde o seguinte:

- 1- Que se faga un requirimento a Telefónica para que dita tapa sexa substituída por outra máis axeitada de tal xeito que resulte máis estética e menos perigosa para os viandantes.
- 2- Que se faga un requirimento a Telefónica para que retiren o antes posible os dous postes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que faranse ambas solicitudes con informes e fotografías da policía local.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula o rogo que se transcribe a continuación:

- Na nave de Mesón do Vento o Concello de Ordes está a levar a cabo cursos, que segundo me comentou algunha persoa que asiste ao curso, pasa frío todas as mañás porque cada vez que intentan poñer en marcha os dous radiadores salta o diferencial automático, polo que é evidente que algo non funciona correctamente, polo que formulo o seguinte rogo ao Señor Alcalde:

Se me remita copia da solicitude sobre información dos contratos de obra entre o Concello e a distribuidora eléctrica, ademais da contestación da distribuidora sobre o asunto.

Se proceda a comprobar os dous radiadores eléctricos da nave do Mesón, xa que non poden facer uso deles por motivos que se descoñecen, ou subministre outro sistema de calefacción ao local, xa que nestes meses de frío, as persoas asistentes aos cursos que se imparten na planta baixa están a sufrir a falta de calefacción.

Xa lle informaron que se puxo algún radiador é que agora non pasan frío.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 26

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que aínda non teñen contestación da distribuidora. Para a súa consulta das solicitudes que se fixeron vía email pode consultalas no departamento de intervención.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula os rogos que se transcriben a continuación:

- Estamos recibindo na Agrupación Socialista de Ordes unha serie de denuncias por parte de pais e nais veciños de Ordes que pasan horas esperando no Centro de Saúde para ser atendidos por un pediatra para que ao final non os atendan e teñan que desprazarse a Santiago a urxencias no Hospital, tendo en conta que esta situación é especialmente grave nunha área tan sensible como é a de pediatría.

Na súa condición de portavoz municipal do PSdG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Rogamos ó señor Alcalde que traslade este problema de atención pediátrico á Xerencia de atención primaria na área sanitaria de Santiago para que se dote de outro pediatra máis ao Centro de saúde de Ordes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto foi tratado nunha reunión na Mancomunidade entre os Alcaldes afectados de Mesía, Frades e Ordes ao remate do Pleno da Mancomunidade do mes de decembro, fíxose a solicitude e contestaron a semana pasada fixando unha reunión para o martes 30, ás 10:30 e hoxe a adiaron ata as 13:30. Do que alí se fale darémoslle coñecemento con posterioridade.

- Na intersección da Rúa Mediodía coa Rúa Víctor González Faya e a N550, existen fochancas donde se rebachea a miúdo pero sempre se volve a levantar.

Na súa condición de portavoz municipal do PSdG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Rogamos que se levante e se bote aglomerado en quente para que non se volvan a levantar fochancas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é unha zona que ten moita falta, no inverno non se pode facer, farase a valoración e a execución ao longo da primavera deste ano, é unha situación moi necesaria nun punto de moito tránsito.

- Desde a Agrupación Socialista de Ordes sabemos que existen unha factura de pago dunha praca de bronce para o Paseo Fluvial que data de decembro de 2009 realizada por Comercial de Fundiciones O Forte.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 27

Na súa condición de portavoz municipal do PSdG-PSOE no concello de Ordes fórmulalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Que se nos informe se esta praca está depositada no Concello e se vai a colocar no lugar correspondente que é o Paseo Fluvial Ramiro Recouso Liste.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle preguntará aos operarios municipais, non coñece a súa ubicación. No próximo pleno falaremos deste punto.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que esta no almacén existente nos baixos da Escola Infantil Municipal no parque empresarial de Merelle.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos que se transcriben a continuación:

- Veciñanza da rúa do Camposanto, trasladoulle ao grupo municipal do BNG de Ordes, a súa preocupación pola excesiva velocidade de circulación á que transitan os vehículos pola zona, o cal supón un elevado risco de accidentes.

Por todo isto instamos ao Alcalde ao seguinte:

A que se instalen medidas para calmar a circulación pola citada rúa, como poden ser pasos peonís elevados ou bandas rugosas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que aínda non se puido proceder ao pintado, si que están colocadas as novas sinais verticais, están tapadas. Vai a pedir de inicio maior vixilancia pola policía local. Toma en consideración un futuro arranxo, é unha das rúas pendentes de substituír o día de mañá as tubaxes de fibrocemento.

- Na Escola de Música, a instalación de iluminación presenta numerosas deficiencias, polo que é precisa unha urxente intervención. Cabe destacar que estamos a falar dun centro de ensino que precisa unhas condicións óptimas de iluminación, reguladas pola lexislación vixente.

Por todo isto instamos ao Alcalde ao seguinte:

A que se proceda á reparación das luminarias que se atopan avariadas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este rogo o presentaron o venres pasado, ese mesmo día procedeuse pola empresa de mantemento a comprobar se había algún foco avariado e non había ningún. Poden falar cun dos traballadores que leva o mantemento. Con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2017 solicitouse a mellora da eficiencia enerxética no que se incluía a renovación de todo o alumado da Escola de Música, que non foi concedida, este ano o volverán a intentar cunhas pequenas modificacións no proxecto. Hoxe mesmo na Xunta



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 28

de Goberno Local se aprobou a solicitude desta subvención. A ver se este verá se pode executar a mellora da envolvente térmica como o sistema de iluminación e o cadro eléctrico.

- Os veciños/as da aldea de Vilasuso (Beán), levan sen alumado público dende o pasado Xoves día 18.

A distribuidora cambiou o cable existente por cable cuberto, retirando así o cable vello. Rematado o traballo o alumado público quedou sen conectar deixando ós veciños/as sen alumado público.

Solicitamos o seguinte:

Se proceda de maneira inmediata a dar solución ao problema, mediante o enganche do alumado á nova liña.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que están pendentes da autorización, eran farolas a tanto alzado, puxeron o cable con cubrición de illamento, non están dispostos a que se faga o pincho de maneira individual en cada un dos postes. Xa se estivo falando coa distribuidora, xa está o cable comprado, está pendente a autorización. Esta mesma situación tamén se da en Guindiboo de Abaixo.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos que se transcriben a continuación:

- Dende fai un tempo, montouse unha pista multideporte no Campo da Feira, sen que ata o de agora puidese ser empregada polas veciñas ó atoparse pechada.

Solicitamos o seguinte:

Os motivos polos cales segue pechada a día de hoxe. Cando se prevé a súa apertura.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que oxalá se puidera ter aberto o 5 de decembro, pillounos o mal tempo frío e auga, o pavimento non garante que se poida entrar a ela. Xurdiu o problema onde menos o sol lle daba. Mentres non mellore o tempo non se pode facer o arranxo dese tramo. O que di a empresa que executou a obra é que mentres non mellore o tempo non poden facer a obra de arranxo de tramos puntuais. Queda pendente tamén o pintado das liñas. Non pode dar unha data.

- No aparcadoiro habilitado nos soares entre as rúas Alfonso Senra, Rúa da Canteira e Ramón Ferreiro, non existe ningún tipo de iluminación, causando unha notable sensación de inseguridade pola noites.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 29

Solicitamos o seguinte:

Se proceda á instalación de alumeado en dito aparcadoiro.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non é certo que non exista ningún. Paralelo á rúa da Canteira hai uns cantos focos pola parte posterior dos edificios. No tramo novo haberá que colocar postes, e máis complicado levar o alumeado se non se dispón de todas as instalacións de suxeición e cableado. Mirarán para melloralo na medida do posible.

- No paso de peóns en fronte do Museo do Traxe, nos días de choiva acumúlase unha gran cantidade de auga contra a beirarrúa pegada á piscina municipal, o que provoca, tamén como consecuencia da deficiente iluminación, que sexa moi habitual acabar cos pés metidos na auga.

Solicitamos o seguinte:

Se arranxe a situación, canalizando axeitadamente a auga.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que mandarán á brigada de obras a ver a situación, se é necesario procederase ao arranxo que solicitan.

- Na subida cara a Vilaverde – Penelas dende o paseo Ramiro Recouso Liste, dende fai tempo non funciona o alumeado.

Solicitamos o seguinte:

Se proceda ó arranxo, ou no seu caso do acendido do alumeado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é unha zona que falla moito, mándase ao servizo de mantemento e volve a haber problemas, seguirán insistindo ao respecto, non saben onde está a incidencia que pode provocar que de maneira puntual ao longo do ano non funcione en varias ocasións. Darán traslado ao servizo de mantemento para que o poña a funcionar.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos que se transcriben a continuación:

- A situación no pavillón Campomaior é dantesca. Non é doado comprender que tras investir fondos na dotación dun pavimento, un pavillón que antes podía utilizarse sen problemas, resulta que na actualidade debido á excesiva humidade no pavimento (o cal provoca escorregamentos) téñense que suspender clases de patinaxe, nenos e nenas do colexio non poden saír no recreo a xogar nel, as clases de educación física non se poden



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 30

levar a cabo no interior de ditas instalacións, a veciñanza que acude ao mesmo a realizar actividades deportivas non pode realizalas, ...; o cal resulta en que o investimento non serviu para mellorar a situación, se non que provocou un problema grave no pavillón Campomaior.

Cabe destacar que nos últimos días, entregáronse no concello mais de 900 sinaturas reclamando o arranxo do pavillón Campomaior.

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se adopten as medidas necesarias para a retirada do pavimento existente e a colocación dun novo pavimento elevado, como o existente no pavillón Castelao I.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que partimos da problemática de que se reclama que a pista non é idónea por que non queren seguir en cemento. Trátase de buscar un pavimento que reúna as condicións para que todos poidan practicar todos e cada un dos deportes e o colexio poida seguir empregando a instalación e que sexa o máis garantista posible para que os rapaces non teñan que levar un segundo calzado. Cóntase como se isto sucedese todos os días, non é certo. Houbo días puntuais con humidade superiores ao noventa por cento onde era difícil facer ximnasia ou saír ao recreo e houbo que suspender algunha das actividades, cousa que non sucede no ximnasio anexo. A solución non é substituír un pavimento que realmente resolveu no noventa e sete por cento do ano as necesidades para un óptimo funcionamento da instalación. Hai que recoñecer problemas concretos, demandas para que se mellorase a instalación. Analizouse o problema dos extractores, vanse a colocar, isto vai a resolver o problema o día de non moita humidade, non é unha inversión cara, xa están adquiridos, non parón de carnaval se instalarán. A medida que propón non se vai adoptar. Votouse o tratamento á fachada, fíxose a zapata exterior que se vía que era a máis problemática, agora a parede non está húmida.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que se pode instalar un ventilador para reducir unha certa porcentaxe de humidade no ambiente pero o problema vai a seguir existindo, é de fondo, un pavimento elevado permite unha ventilación por abaixo, meter un illamento térmico que fai efecto de parede fría. Mentres non se faga esta actuación o problema vai a seguir persistindo. Rogamos que meta un sistema elevado, non o mesmo pavimento que no pavillón Castelao. Haberá máis pavimentos que se poden colocar sobre un elevado. O que se debería facer é encargar un informe técnico, asesorarse cun especialista na materia, que dea coa solución e investir cartos. Hai que asumir o erro e solucionalo.

- Veciñanza da parroquia de Vilamaior, trasladou ao grupo municipal do BNG de Ordes a súa preocupación pola velocidade á que transitan os vehículos na estrada que une a aldea do Casal coa AC524 pasando pola Porpalla.

Na actualidade dita estrada carece de sinalización.

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se proceda á colocación da sinalización correspondente en dita estrada.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 31

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hai unha parte da certificación da obra pendente, hai un poste que non conseguimos autorización para o seu traslado por Udesa, xa chegou a autorización, teñen unha pequena partida aí. Trataremos de que se poida facer sinalización horizontal e vertical antes da certificación final.

- Ordes está a sufrir desde fai varios anos, un despoboamento que avanza de xeito acusado e sen traza de remitir. Desde o ano 2012 coa poboación ordense en 12.963 habitantes, baixamos ata chegar no ano 2017 a 12.580 habitantes. É dicir, en tan só 5 anos baixamos 383 habitantes, dos cales 264 abandonaron o noso concello desde o ano 2015, o que representa case o 70% da baixada.

Se analizamos outros concellos pegados ao noso, que tamén se atopan atravesados pola N550, dispoñen de casco urbano e dun parque empresarial, como son os casos de Oroso e Carral, ollamos que non sofren esta situación que está a padecer Ordes. Oroso sube a súa poboación en 124 habitantes, pasando de 7.328 no 2012 a 7.452 no 2017) e Carral tamén sube a súa poboación en 107 habitantes, pasando de 6.130 no 2012 a 6.237 no 2017.

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

A que nos informe de que medidas ten pensado adoptar para mudar esta tendencia e evitar a hemorragia de perda de poboación que está a sufrir o concello de Ordes?

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este é un rogo curioso ao que lle deu moitas voltas dende que o presentou, nos compara con Oroso e Carral que teñen unha pirámide poboacional que non é comparable coa nosa. Gustaríalle que os houbera comparado con Rianxo que é onde vostedes gobernas e co que Ordes se parece na dinámica da pirámide poboacional nos últimos trinta anos. Rianxo perde máis poboación que Ordes. Temos un saldo vexetativo negativo. Analizando o padrón do 2014 ao 2017 temos 340 baixas que non teñen nada que ver coas políticas anteriores ou presentes, duplicidades e inscricións indebidas. Saldo vexetativo menos 120 veciños. Con respecto ao fondo do rogo hai que traballar nas liñas que permitan fixar poboación, xente xoven, para iso necesitamos ter a capacidade empresarial que ten Oroso e Carral, que non a temos, non é culpa nosa, non se arranxa en cinco ou seis anos, temos que traballar para iso, xunto coa mellora dos servizos municipais poderemos investir esta dinámica de poboación que temos dende o ano 2012 ata o de agora.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que nos comparamos con Oroso e Carral por que están aquí ao lado e teñen as mesmas características, non se vai a ir a comparar a Rianxo. Fala do saldo vexetativo, pero oculta que o saldo migratorio é negativo tamén. No ano 2016 bateuse o record de emigrantes segundo o IGE dende 1990, emigraron 64 persoas á mesma comarca e 150 externas. É unha situación grave, a este ritmo a partir de 2020 baixamos de 12.000 habitantes. Como goberno terá un plan para revertir esta situación o pensar nelo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non se fixo ningún plan para fixar poboación de momento.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 32

- Con respecto ás axudas para material escolar para o curso 2017-2018 varias persoas nos trasladaron que se produciron denegacións polo esgotamento do crédito orzamentario previsto para tal fin nos orzamentos municipais.

No 2017 o goberno presentou e aprobou logo dunha cuestión de confianza os orzamentos municipais nos que o alcalde consignou unha contía insuficiente para as axudas para material escolar tal e como quedou demostrado no procedemento. O cal da novamente a razón ao BNG de Ordes polo voto en contra a ditos orzamentos.

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

Que nos informe de cantas solicitudes para material escolar foron denegadas polo esgotamento do crédito orzamentario previsto para tal fin nos orzamentos municipais.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que de 264 solicitudes, 39 quedaron fora. No ano 2009 destinábanse 3000 euros, no 2012-2013, 10.000 euros, 2015-2016 16.000 euros atendendo todas as solicitudes, 2016-2017 17.000 euros. Nunca houbo tantas solicitudes como neste exercicio e a cantidade era a mesma. No 15 de decembro cando se resolveron as axudas estaba pechada a Base Nacional de Subvencións para realizar unha modificación de crédito aínda que tiñamos dispoñibilidade orzamentaria. Na xunta de goberno local do 11 de xaneiro aprobaron unha modificación de crédito para incrementar a partida, xa estaba analizada con anterioridade. No día de hoxe publicouse no BOP. Dotouse un crédito orzamentario de 6000 euros para atender esas solicitudes.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que o ano pasado houbo 250 solicitudes, este ano 330.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que son previsor, se vexo que o ano anterior o crédito non chega polos pelos houberse previsto unha partida maior, que despois sobrar cartos faría unha modificación de créditos para asignalo a outras partidas. Non tivo esa previsión. Levan presentando iniciativas que aos poucos días o goberno fai unha xestión. Fan labor de oposición, alégranse que gracias ás súas xestións poidan irse solucionando os problemas.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que formula os rogos que se transcriben a continuación:

- A auga das duchas da piscina climatizada sae fría, así llo fixeron saber varios usuarios da mesma. Este grupo político ten coñecemento de que hai uns meses se substituíu a anterior caldeira por unha nova de biomasa.

Por tanto, rogamos e solicitamos ó señor Alcalde:

Que se indague cal é a causa de que a temperatura da auga sexa inferior ao normal e se esta está relacionada coa substitución da caldeira.

Que nos informe cal foi o custe desta inversión e o aforro supón para as arcas municipais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 33

De seguir a situación así que medidas se van a tomar para atender as reclamacións dos usuarios.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que houbo un problema puntual. A reforma da caldeira da piscina era indispensable. Substituíuse o sistema anterior por cinco caldeiras de biomasa que funcionan en liña. A inversión foi de 140.000 euros, cunha financiación do 80% da Consellería de Industria. Suporá un aforro do 40%. A caldeira funciona perfectamente sen problema, hai un problema no circuíto de ACS, a valoración desta reforma xa esta feita por importe de 32.000 euros. Reclamación formal por escrito non hai ningunha. Recibimos unha piscina no 2015 cun déficit de 40.000 euros e a día de hoxe estamos a falar dunha piscina na que non se subiron as cotas, fixéronse melloras dentro da instalación, ampliáronse actividades, o déficit hoxe e cero. O ACS solucionárase en agosto de 2018.

- A pista de xeo instalada na Alameda esta a causar molestias aos usuarios da biblioteca municipal

Os usuarios da biblioteca municipal quéixanse polo ruído producido pola actividade que se leva a cabo na pista de xeo que interfere co normal funcionamento da biblioteca.

Nestas datas de vacacións de Nadal hai usuarios que aproveitan o tempo para estudar, ler na biblioteca municipal e o ruído non lles permite concentrarse.

Este grupo político opina que a biblioteca municipal é un servizo público moi importante para o pobo e debería procurarse non interferir no seu funcionamento.

Creen que unha atracción lúdica como é a pista de xeo non debería estar situada a escasa distancia dunha biblioteca municipal e menos cando nestas datas os estudantes de Ordes teñen exames ao volver das vacacións de Nadal.

Pensan que existen moitos lugares nos que se podería instalar esta atracción sen causar ningún tipo de molestias

Por tanto, rogamos e solicitamos ó señor Alcalde:

Que en actuacións posteriores se valore e se teña en conta os problemas que pode ocasionar a instalación dunha atracción lúdica deste tipo e se actúe en consecuencia.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o mesmo día que presentou o rogo o viu na biblioteca. Chamou á responsable da biblioteca que lle dixo que vostede lle había preguntado se había queixas e ela lle dixo que non houbera ningunha. Cree que o rogo esta respostado.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que falou con xente e lle manifestou queixas. O ruído é evidente, llo comunicaron a eles. Encima dunha biblioteca como se instala esa atracción.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 34

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non dubida que houbera algunha molestia. Cando se ía producir a instalación estaba prevista do pilón para abaixo, polas ramas dos plataneiros non collía a carpa e houbo que aceptar que se instalase arriba a pesar de que se lle dixo que non se podía molestar. Non había música cando a biblioteca estaba operativa.

- Segundo información achegada ao grupo político de UXO por membros do profesorado do IES Nº 1 de Ordes, dende o inicio das clases no mes de setembro de 2017 empeoraron notablemente os problemas co tráfico de vehículos e autobuses nas inmediacións do Instituto e do Colexio Castelaio situados na zona do Paraíso.

O empeoramento dos problemas de tráfico coincide coa remodelación das direccións de marcha e direccións prohibidas levada a cabo antes de principio de curso.

Antes da remodelación, os vehículos que entraban pola rúa Eduardo Pondal, ao chegar ao cruce coa rúa Nicolás del Río podían tomar dirección a esquerda se se dirixían ao Colexio Castelaio (por este tramo da rúa que pasa por diante do Castelaio non podían circular vehículos en sentido contrario, e a súa saída pasaba pola rúa Pascual Veiga), ou dirección dereita se o seu destino era o IES Nº 1 de Ordes (neste tramo da rúa había circulación nos dous sentidos, polo que os vehículos que chegaban a Nicolás del Río dende a AC524 podían acceder ao IES Nº 1 sen ter que pasar pola rotonda da rúa Paraíso e entrar directamente ao seu aparcamento ou proseguir a súa marcha pola rúa Nicolás del Río e ao chegar a rúa Pascual Veiga, saír a rúa Paraíso).

O feito de que a rúa Nicolás del Río tivese dúas saídas (a AC-524 e a rúa Pascual Veiga) aliviaba os problemas da intensidade de tráfico nas horas de entrada e saída dos centros educativos.

A situación actual é a seguinte: a rúa Nicolás del Río so ten un único sentido de marcha e unha única saída a AC-524. Todos os vehículos particulares e transporte escolar que entran por Eduardo Pondal so poden continuar a súa marcha por Nicolás del Río en dirección a AC-524, despois de ceder obrigatoriamente o paso aos vehículos que entraron pola rúa Pascual Veiga e circulan por Nicolás del Río en dirección a AC-524.

A saída de todos estes vehículos a AC-524 xunto cos que circulan pola rúa Paraíso para chegar aos centros educativos colapsa a rotonda e as vías de toda a zona.

Este problema foi especialmente grave os días 8, 9 e 10 de xaneiro na hora de entrada dos colexios coincidindo co empeoramento do tempo. Nin a presenza da policía local conseguiu evitar o colapso total do tráfico da zona, provocando que alumnado e profesorado que viaxaba en vehículos particulares ou en autobuses escolares non chegaran o centro no horario previsto.

Outro problema existente é que no tramo da rúa Nicolás del Río que transcorre por diante do IES Nº 1 de Ordes se habilitou na súa marxe dereita unha zona como parada de autobuses (para deixar e recoller ao alumnado usuario do transporte escolar). As portas dos autobuses polas que baixan os alumnos e alumnas dan practicamente sobre un descampado a beira do cal hai un rego de auga e lama dende que empezou a chover (xa se produciu a caída dalgunha alumna) e despois deben pasar por diante ou detrás



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 35

dos autobuses e cruzar a rúa Nicolás del Río para entrar no colexio co risco de atropelo que iso supón.

Se os autobuses puidesen acceder a rúa Nicolás del Río dende a AC-524 a zona habilitada para a súa parada podía ser na beirarrúa contigua ó centro polo que o alumnado non estaría en situación de risco.

Por tanto, rogamos e solicitamos ó señor Alcalde:

Que se revisen as medidas tomadas para remodelar o tráfico na zona do Paraíso coa finalidade de mellorar a circulación en toda a zona escolar e evitar riscos para o alumnado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que pola policía local en relación co seu rogo se realizou un informe que se contesta punto por punto, primeiro, que a rúa Nicolás del Río tivese as dúas saídas como antes, é inviable cun carril de 4 m de ancho, antes había continuos atascos en dous sentidos de circulación ao non poder cruzarse dous turismos e houbo varios accidentes ao rozarse varios vehículos, sería inviable que entrasen os autobuses coa rúa de dobre sentido. Segundo, os autobuses non teñen unha zona para carga e descarga, descargando na zona da rolda leste, vía con tres carrís de circulación, descargando alumnos no carril contrario, cruzando os tres carrís co perigo de accidente que isto supón, isto conseguiuase evitar gracias á nova pintura. Terceiro, dise que se colapsou o tráfico os días 8 e 10 de xaneiro, na policía local so consta un atasco o día 10 de xaneiro. A policía local circula todos os días pola zona. Ese día se produciu unha tromba de auga á hora de entrada, polo número de vehículos que circulaba colapsouse a rotonda uns minutos. Cuarto, na zona onde descargan os autobuses o firme empeorou considerablemente, coas choivas está en mal estado, ten baches e acumúlase a auga, sería aconsellable construír unha beirarrúa no lugar. Falouse cos titulares das parcelas e hai unha proposta que ese estudará na comisión do PXOM, se se resolve a favor autorizarán a facer a beirarrúa. Debuxouse un espazo amplo na parada de autobuses para que colla. Hai pendente de pintar un paso de peóns no fronte do centro escolar ao empeorar o tempo, falta por rematar pola empresa. Quinto, a nova sinalización prioriza o transporte colectivo de menores por riba do transporte particular, o sentido de circulación hacia a rolda leste considérase o máis adecuado para garantir unha incorporación dende a zona escolar a unha vía principal en condicións de seguridade óptima. O feito de obrigar aos autobuses polas rúas do centro educativo non é aconsellable polas interseccións que teñen que salvar para saír á vía principal. Sétimo, é parecer que todas as medidas adoptadas na zona se desenvolveron a fin de contribuír á boa circulación tanto rodada como peonil na zona na época lectiva, para a seguridade de peóns e vehículos. Oitavo, na parte traseira do IES existe unha urbanización que conta con zona para estacionar, podendo os turismos acceder á mesma sen chegar á rotonda. Tendo en conta o informe van manter a sinalización proposta ao reducirse as zonas de perigo que había con anterioridade.

Por último, polo Sr. Alcalde ábrese unha quenda de formulación de preguntas por todos os concelleiros e grupos políticos.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula a pregunta que se transcribe a continuación:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 36

- Dende o pasado 28 de novembro unha parte do alumeado público situado entre a Brea e o Mesón do Vento está sen funcionar, varios veciños aseguran haber chamado ao Concello para dar conta a avaría, que parece que afecta a toda unha fase do alumeado, outro veciño asegura que xa pasaron dúas veces por alí uns operarios pero que as farolas seguen sen funcionar.

E polo que formulo ao señor alcalde a seguinte pregunta:

¿A qué se debe a avaría nesta fase do alumeado público, e porqué se está tardando tanto en arranxalo, si é certo como os veciños me comentan, que xa pasaron os operarios varias veces a ver o estado do mesmo?.

¿Comprobou se esta fase de alumeado está debidamente regularizado coa subministradora?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a última pregunta ten que comprobalo en intervención. A avaría resolveuse en tres días, a solución pola distribuidora foi inmediata, fixeron unha comprobación na zona e encontráronse que o cadro estaba sen contador, non sabe o motivo e cortaron o subministro.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas que se transcriben a continuación:

- Durante o Nadal, instalouse no concello que se arrimou á casa consistorial un sistema de calefacción aerotérmico, o cal fai innecesario a existencia dos radiadores eléctricos no edificio. Atopámonos que a antiga casa consistorial dispón de calefacción eléctrica por radiadores murais, polo que non entendemos como non se aproveitaron os que citamos anteriormente ao poderen ser retirados, abaratando deste xeito a obra.

Ao mesmo tempo, recordamos a obrigatoriedade de dispor nas instalacións das correspondentes placas solares para a obtención de ACS, proxectadas no seu día; xa que a administración debe ser a primeira en dar exemplo.

Por todo isto preguntamos ao alcalde ao seguinte:

¿Canto custaron os radiadores eléctricos murais que se colocaron nas obras executadas recentemente na antiga casa consistorial?.

¿Que teñen previsto facer cos radiadores que se poden retirar do concello?.

¿A que se debe que o edificio careza dos paneis solares proxectados no seu día e cando se ten previsto corrixir esta deficiencia?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no proxecto da actuación 8.900 euros de execución material, máis impostos. Os radiadores retirados instalaranse na policía local, na cociña da praza de abastos, na Garda Civil e en varios locais sociais. Vanse a reubicar todos. Por que non hai paneis solares non ten resposta, tratarase de subsanar esta deficiencia.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 37

- Durante o Nadal, instalouse unha pista de patinaxe sobre xeo na Alameda.

Por todo isto preguntamos ao alcalde ao seguinte:

¿A canto ascenden os gastos que tivo que asumir o concello de Ordes?.

¿A canto ascendeu a recadación en entradas da empresa?.

¿Que procedemento de contratación se seguiu para a prestación dese servizo?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o importe dos gastos foi de 17.950 euros, máis ive, o gasóleo será aproximado ao ano pasado, uns 23.000 euros de gasto total do concello. A recadación de entradas este ano nunha ubicación mellor so se venderon 1.621, importe 10.200 euros, un corenta e cinco por cento menos que o ano pasado. É unha actividade transversal, sen a aportación do concello non sería posible tela. Para o ano que ven haberá que analizar se hai que ter esta instalación, analizáronse varias ofertas. O procedemento de contratación foi contrato menor.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e dúas horas e corenta e dous minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO